



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Exp: 208/2026

COMPLEMENTARIA DA RESOLUCIÓN Nº 2026-0131 DE DATA 16 DE FEBREIRO DE 2026 DA LISTA CANDIDATOS ENVIADOS POLO SEPEG PARA SELECCIÓN DE UNHA PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO, DENTRO DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN MAIS PROVINCIA 2026 – LIÑA 3), SUBVENCIONADO POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

Vista Resolución de alcaldía nº 2026-0124, de data 16/02/2026, de bases e convocatoria para a contratación laboral temporal de unha praza de auxiliar administrativo, dentro do plan de obras e servizos de competencia municipal (plan mais provincia 2026 – liña 3), subvencionado pola Deputación Provincial de Pontevedra.

Vista a solicitude de dona Juan José García Alonso con numero de rexistro 2026-E-RE-212 e data 20/02/2026 para o proceso de selección dunha praza de auxiliar administrativo.

Vista a lista de persoas candidatas para participar no proceso de selección enviado pola oficina de emprego de Redondela de data 16/02/2026 e nº 12-2026-1095 e número de rexistro de entrada 2026-E-RC-227, entre as que non figura dona Juan José García Alonso.

Vista Resolución de alcaldía nº 2026-0131, de data 16/02/2026, de de lista de candidatos enviado polo SEPEG para a selección de unha praza de auxiliar administrativo, dentro do plan de obras e servizos de competencia municipal (plan mais provincia 2026 – liña 3), subvencionado pola Deputación Provincial de Pontevedra.

De acordo coas atribucións do meu cargo que me confire a Lei 7/85 reguladora de Bases de Réxime Local,

RESOLVO

Primeiro.-Aprobar a ampliación do listado de persoas excluídas coa seguinte persoa:

- Juan José García Alonso: non estar incluída no listado enviado polo SPEG (base sexta e sétima da Resolución de alcaldía nº 2026-0124, de data 16/02/2026, de bases e convocatoria para a contratación laboral temporal de unha praza de auxiliar administrativo, dentro do plan de obras e servizos de competencia municipal (plan mais provincia 2026 – liña 3), subvencionado pola Deputación Provincial de Pontevedra.

Contra o presente acto, que é definitivo en vía administrativa, poderá interpoñer os seguintes recursos:

- *Recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que dictou o acto no prazo de UN MES dende o día seguinte ó do recibo desta notificación e non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente este recurso de reposición ou se producira a súa desestimación presunta, por transcorrer UN MES sen ditar e noticala resolución do recurso.*





- *Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo (ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, segundo o obxectos dos actos), no prazo de DOUS MESES dende o día seguinte ó do recibo desta notificación, ou da notificación do recurso de reposición, se foxe expresa. Se non fose, o prazo será de SEIS MESES, dende o día seguinte ó do que se produza a desistimación presunta.*
- *Calquera outro recurso que se estime oportuno.*

Segundo.- Publicar no taboleiro de anuncios da sede electrónica (<https://pazosdeborben.sedelectronica.gal>) do Concello de Pazos de Borbén e de forma complementaria na súa páxina web, <https://pazosdeborben.gal>

En Pazos de Borbén,

**RESOLUCIÓN ASINADA POLO ALCALDE MEDIANTE CERTIFICADO ELECTRÓNICO, NA DATA QUE FIGURA NA MESMA SINATURA, EXTENDIDA AO MARXE DO DOCUMENTO.
DOU FE. A SECRETARIA-INTERVENTORA, MEDIANTE FIRMA DIXITAL AO MARXE.**

